

A VILA IMAXINADA



PONTEVEDRA É BOA VILA, DÁ DE LER A QUEN PASA
UNHA ACHEGA DE EVA MEJUTO



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



VER O VÍDEO

Autora: Eva Mejuto

Biografía: (Sanxenxo, 1975) doutora en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela cun traballo sobre o realismo social no álbum ilustrado: *Álbum testemuño: chegar a realidade ás crianzas*. Traballou na editora Kalandraka ata 2004, en OQO Editora ata 2016. En 2017 coordina o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. En 2018 forma parte do proxecto "Capicúa de xestión cultural e proxectos".

A súa especialidade é a literatura infantil e xuvenil. Ten realizado cursos de formación sobre libro-álbum e exercido a docencia no Máster Libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Participa habitualmente en encontros co alumnado dos colexios.

É autora de diversas adaptacións de contos tradicionais a álbums ilustrados, traducidos a máis de dez idiomas. En 2017 publicou *22 segundos*, narrativa para adolescentes. En 2019 publicou en Xerais *Memoria do silencio*, unha novela que se desenvolve en Galicia durante a Segunda guerra mundial.

PONTEVEDRA É BOA VILA, DÁ DE LER A QUEN PASA

Poucos lugares hai en Galiza onde a literatura infantil e xuvenil (LIX) teña unha presenza tan marcada e unha produción tan vizosa como en Pontevedra: Editoras da proxección de Kalandraka ou OQO, ou as máis recentes Retranca e Lela Edicións. Escritores e escritoras como María Victoria Moreno, Fina Casalderrey, Manuel Lourenzo González, Elvira Ribeiro, Adolfo Caamaño, Lorena Conde, Kike Mauricio e Carlos Taboada... Ilustradores e ilustradoras como Kiko Dasilva, Víctor Rivas, Alicia Suárez, Belén Padrón, Itziar Ezquieta, Tania Solla... e tantas xeracións de profesionais que se formaron na Facultade de Belas Artes (os Premios Nacionais de Ilustración Óscar Villán e Federico Fernández, entre outros), no Mestrado de Libro Ilustrado e Animación Audiovisual (Susana Suniaga, Sofía Venzel, Brea Gregores...) ou da escola profesional de Banda Deseñada O Garaxe Hermético (Anémona de Río, Pablo Prado, Miriam Iglesias...).

Pontevedra ten, así mesmo, o maior evento galego relacionado coa LIX, o Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil que, con máis de dúas décadas de historia, é un dos máis lonxevos de todo o Estado. Temos teatro e música para a cativada con grupos como Migallas, compañías da talla de Baobab teatro, narración oral con grupos como Pavís Pavós, Polo Correo do Vento e contadoras como Andrea Bayer e Raquel Queizás. Pontevedra goza dun incomparable universo creativo e creador cheo de historias contadas e por contar, e máis dunha vintena de librerías nas que todas estas historias e moitas máis están a agardar, expectantes, seren lidas por nós.

Pontevedra é, de certo, unha boa vila que dá de ler a quen pasa e a quen, coma min, decidiu vir para quedar. Toda esa riqueza de palabras e imaxes en papel fóronme aconchegando, acariñando e seducindo nos máis de vinte anos que levo vivindo nela. Aniñei entre follas e palabras nunha cidade que descubrín, facendo libros, que era o meu lugar no mundo, o lugar onde quería ficar e seguir lendo, escribindo, contando. Por iso decidín crear hai un par de anos, un roteiro polos lugares especiais da Boa Vila, grazas a unha iniciativa da AELG e o Concello na que falar de toda a LIX que agroma por rúas e prazas desta cidade. O roteiro levou por título: “Pontevedra é boa vila, dá de ler a quen pasa”, dándolle a volta ao cantar tradicional, para contar, paseando, a miña propia experiencia literaria coa cidade: traballo, lecer, proxectos, ilusións, arelas... arredor do libro e a lectura nos vinte e tal anos que levo vivindo no que xa é a miña cidade.

Os roteiros literarios adoitan falar dos lugares percorridos como espazos nos que se ambientan novelas, obras de teatro, poemas... ou das vidas de autores e autoras que habitaron eses espazos. Eu con Pontevedra teño moitas débedas, literarias e persoais, por terme acollido e acariñado en todo momento, por amosarme o camiño dos meus soños, que estiveron sempre acubillados ao carón dos libros. En Pontevedra inciei o camiño dos libros no Campiño de Santa María, con Kalandraka, un proxecto novo, ilusionante e revolucionario no seu comezo co que puiden percorrer medio mundo e coñecer o cerne, a alma e todas as reviravoltas que se agochan entre as páxinas dos álbums ilustrados. Descubrín a ilustración das mans e pinceis dunha xeración de artistas que se formaron na Facultade de Belas Artes de Pontevedra que fixeron un mundo máis fermoso e colorido. Formar, despois, parte de OQO foi continuar a singradura, percorrer o medio mundo que me quedaba e sentir, cada vez con máis forza, que este e ningún outro, era a onde eu sempre quero volver.

Ademais das horas do traballo, os libros foron en Pontevedra boa parte do meu lecer, navegando moitas tardes nos andeis das librerías Michelena, Seijas, Paz, Luna Nueva... con librerías como amigas e cómplices. Nos últimos tempos, reencontreime coa ilustración, desde dentro, dando aulas no Mestrado de Ilustración de Belas Artes e, máis recentemente, iniciéi un novo proxecto: Capicúa, con amigos da vida e da alma para desenvolver proxectos tan fermosos e estimulantes como a coordinación do Salón do Libro desde o 2018, un luxo e un soño feito realidade.

“A miña cidade”, un poemábum con ilustracións de Susana Suniaga foi o inicio do pagamento desta débeda literaria con Pontevedra, da que forma parte tamén este roteiro que quero compartir con vós, docentes, por se vos serve de axuda ou apoio nas aulas. Déixovos as pegadas deste paseo literario que fixen un día (e que agardo poder seguir facendo con vós) nun mapa de Google, para que usedes con toda liberdade, se vos presta. Está por unha parte o percorrido de Pontevedra e a LIX e un específico que sinala as principais librerías da nosa cidade. Desde o Salón comezamos a fomentar esa interacción da rapazada cos libeiros e libeiras como un elo necesario para a mediación lectora, que continuou a profesora e amiga Anxos Rial co alumnado do IES Sánchez Cantón. Os libros non só as historias escritas polos autores e autoras, hai todo un camiño, un proceso do que forman parte moitas persoas (ilustradoras, deseñadoras, editoras, imprentas, distribuidoras, libeiras, bibliotecarias, mediadoras...) e un universo que, dalgún modo, este achega pretende visibilizar. Espero que gocedes desta versión virtual do roteiro e que, cando poidades, saíades ás rúas lendo as páxinas cidade con outros ollos:

PREME NO MAPA PARA
ACCEDER AO ROTEIRO VIRTUAL



PROPOSTA DIDÁCTICA:

ACTIVIDADE: XOGO DE PREGUNTAS

Como complemento (ou non) creei un xogo de preguntas sobre a LIX desta boa vila. LIX, ademais de ser o acrónimo da Literatura Infantil e Xuvenil, tamén é un número (romano). Pois velaquí van tantas preguntas como ese número, coas que poderedes achegar o alumnado a riqueza literaria e plástica, a Historia e as historias desta cidade. O xogo está tamén en formato virtual a través da plataforma Kahoot, que dá a posibilidade de xogar en gran grupo, individualmente ou por equipos. Agardo que o gocedes!

Para calquera cousa, poderedes contactar comigo a través do web: evamejuto.com

Feliz roteiro e feliz lectura!



PREME NA IMAXE PARA
ACCEDER AO XOGO!

ÁMBITO DOCENTE:

Posiblemente sexa este roteiro o máis distinto dentro das propostas feitas até o momento dentro do gran universo da nosa Vila imaxinada.

Eva Mejuto elabora unha proposta de camiño pola cidade na que se pode falar tanto da capacidade de Pontevedra para dar acubillo a persoas que deciden residir nela, como a capacidade desta cidade para estar relacionada co celme da nosa literatura infantil e xuvenil. Eva presenta Pontevedra como berce de aventuras e de creación da persoa lectora.

Asemade, a súa visión desde a edición e a creación e xestión cultural, xunto coa experiencia dentro da ilustración, pode axudar a que o alumnado descubra distintos camiños polos que guiar os seus pasos.

Recomendamos esta proposta didáctica para calquera curso da ESO e Bacharelato, mais coidamos que ten unha relevancia marcada tamén para ciclos de FP orientados á creación ou deseño e para os Bacharelatos de artes.

Pasemos pois a falar do ámbito legal no que se xustifica esta proposta didáctica:

O Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, trata no seu artigo 4º os elementos transversais, é dicir, os elementos que se traballarán en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico. Este artigo cita numerosos elementos transversais, entre eles a comprensión lectora (CL); a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA); as tecnoloxías da información e a comunicación, (TIC); a igualdade efectiva entre homes e mulleres (GX) e a prevención da violencia de xénero (PVX), establecendo que "se evitarán comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero"; a igualdade de trato e non discriminación (IG); ou a educación en valores (VAL). Esta proposta didáctica responde a estes coñecementos transversais.

Asemade, resaltamos o grupo de obxectivos xerais que coidamos poden ser obxecto de traballo a partir desta sesión de aula:

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Malia que o interés principal deste proxecto reside nos centros de estudo da cidade de Pontevedra, este pode ser empregado por calquera outro centro coma un convite a coñecer mellor e de man das persoas que as habitan, as cidades que forman parte da nosa xeografía e as ofertas no eido cultural e no eido industrial da cultura destas cidades.

Tendo en conta a proposta de roteiro ou saída pola cidade, tamén se pode adaptar en conxunto para algunha actividade complementaria de Primaria, sobre todo dos últimos cursos que tamén son aula referencia de ávidas lectoras e lectores da literatura da que fala Eva Mejuto a través da súa proposta.

A vila imaxinada é un proxecto de creación de material de apoio á docencia desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que se adecúa aos estándares de aprendizaxe da lei educativa vixente e propón alternativas para conseguir os obxectivos de etapa do alumnado do noso sistema educativo en coordinación coa realidade galega na que se atopan. Dentro desta proposta global atopamos A Pontevedra imaxinada coma concreción en torno a unha cidade.

A Pontevedra imaxinada oferta outro xeito de mirar a cidade de Pontevedra da man de creadoras e creadores que alicerzan o pensamento nas letras dotan de significados, ás veces descoñecidos, ás rúas que camiñamos mo día a día.

Esta achega de Eva Mejuto explora a cidade desde o punto de vista do celme de creación literaria, tanto desde o elo primeiro, as autoras e autores, coma a conxunción que se crea entre autora, ilustradora, editora e libreira. Pode ser empregada tanto nas materias de lingua galega e literatura ou economía, como para a titoría nas sesións, por exemplo, de orientación laboral do estudiantado. Asemade pódese realizar o roteiro de forma presencial e ser protagonistas desa creación constante da cidade de Pontevedra.

Se algún de vós a realiza deste xeito e quere documentalala ou elaborar un proxecto arredor da nosa proposta estaríamos encantados de saber dela. Para este fin podeades empregar o correo da nosa oficina:

oficina@aelg.org

Como temáticas principais da proposta didáctica resaltamos: identidade, pensamento crítico, industria cultural, feiras culturais, salón do libro, literatura infantil e xuvenil, autoras LIX, feminismo, historia da literatura de finais do século XX, ilustración, edición, consumo local e responsable, educación cívica e coidado da cidade.



A Pontevedra imaxinada é un proxecto da AELG creado co amparo do Concello de Pontevedra.

Proposta didáctica: Eva Mejuto

Coordinación: Anna R. Figueiredo

Ilustración de capa: Luz Beloso

Maquetación e produción audiovisual: Beatriz Pereira